

Gervasio Varela
Xerente de Tecnoloxía
Mytech



// Sector
Tecnolóxico



// Localización
Cambre



// Ano de constitución
2004



// N° empregados
2

// Descrición da empresa

Mytech é unha empresa de enxeñería especializada en I+D e no desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.

O seu obxectivo sempre está enfocado á aplicación destas tecnoloxías para mellorar a competitividade, a produtividade e a eficiencia dos procesos da clientela. A súa experiencia e motivación está orientada á concepción e á construción de solucións nas que a integración de elementos de software e hardware, unidos á utilización de técnicas de intelixencia artificial, son factores clave.

"O servizo deunos a oportunidade de consolidar os obxectivos e o plan estratéxico de Mytech"

Gervasio Varela. Xerente de Tecnoloxía de Mytech

// Descrición do proxecto

Mytech iniciou hai dous anos unha nova etapa empresarial coa incorporación dun novo equipo directivo e un novo equipo técnico e, naquel momento, viron no programa Re-acciona a oportunidade de dispoñer dunha visión externa que lles axudase a definir o plan estratéxico para esta nova etapa e, así, actuar sobre varios ámbitos nos que tiñan claro que ían necesitar mellorar.

Ao ser unha empresa pequena, construída ao redor dun equipo con formación eminentemente técnica, con grande experiencia no ámbito da investigación, tiñan carencias noutros aspectos da organización, como pode ser o ámbito comercial ou o estratéxico. Durante a execución do servizo, grazas a un primeiro diagnóstico, identificaron posibles ámbitos de mellora cos que continuar avanzando. Como consecuencia, definiron mellor o seu obxectivo e o seu plan estratéxico e puxeron en marcha as primeiras actuacións para levar a Mytech nesa dirección.






// O resultado

Para Mytech o programa Re-acciona supuxo a oportunidade de consolidar os obxectivos, refinar a visión estratéxica definida nos inicios e poñer en marcha as primeiras accións para ir en nesa dirección.

Como resultado, o servizo de análise do potencial competitivo traducíuse nunha mellora da súa capacidade estratéxica e, polo de agora, o seu obxectivo principal é continuar pola senda iniciada e seguir traballando de forma autónoma en accións que os leven polo camiño pautado.

"A clave do éxito do servizo creo que foi a grande implicación de todo o equipo, non só de Mytech, senón do axente colaborador, que se involucrou coma un máis"

Gervasio Varela
Xerente de Tecnoloxía de Mytech



// Web
<http://www.mytechia.com/>



// Vídeo
<https://youtu.be/A85Yi3YeP9o>

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.